



# **PROBA DE APTITUDES MUSICAIS PARA** **ACCEDER Ó 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL**

## **NORMAS XERAIS**

Os aspirantes serán convocados en chamamento único á hora asignada non podéndose cambiar dita hora.

Os aspirantes esperarán na entrada do conservatorio á hora establecida a ser recollido por un profesor/a. A proba durará uns 10 min. aproximadamente. Despois o profesorado acompañará aos aspirantes ao lugar de encontro, onde serán recollidos polos seus acompañantes.

Queda totalmente prohibida a entrada dos/as acompañantes ao interior do Centro.

É aconsellable o uso de máscara dentro do recinto do conservatorio excepto no momento da proba.

Dentro das aulas garántese a distancia de seguridade entre o aspirante e os membros do tribunal.

As probas realizaranse en aulas separadas para garantir a distancia de seguridade non habendo nunca máis de un aspirante na aula.

Despois de cada proba procederase a desinfectar o mobiliario utilizado.

É obrigatorio que cada aspirante veña provisto dun lapis para a realización da proba.

É obrigatorio o uso dos xeles hidroalcohólicos tanto á entrada como á saída do centro. Haberá dispensadores no hall da entrada do centro, nos corredores, así como nas aulas.

É obrigatorio manter a distancia de seguridade dentro do centro.

Deberase atender ás instrucións dadas polo persoal do conservatorio.



## CONTIDOS

- Test rítmico (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a tocará cun lapis ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- Test de entoación (10 ítems – 40% da nota final): O profesor/a cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- Test de psicomotricidade (5 ítems – 20% da nota final): O profesor/a realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pes; exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.
  - Todos os test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso.
  - Ningún test será eliminatorio.
  - Os contidos dos test están adaptados ás diferentes idades dos aspirantes e aos aspirantes con necesidades educativas especiais.
  - A proba cualificarase de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.
  - Cualificarase ata un decimal.



## ADXUDICACIÓN DE INSTRUMENTO

- a) Despois de realizar a proba de aptitude, adxudicaranse as prazas, por especialidade, aos aspirantes que acadaran de nota media como mínimo un cinco, sempre de maior a menor puntuación. É dicir, cada aspirante colocarse por orde de puntuación **na especialidade elixida**. En caso de que dous aspirantes obteñan a mesma puntuación, terá preferencia o aspirante de menor idade.
- b) Os aspirantes aprobados sen praza pasarán a unha lista de espera na especialidade instrumental solicitada, ordenada segundo a puntuación obtida na proba de aptitude.
- c) Se quedase algunha praza por cubrir nunha especialidade instrumental na que se esgotase ou non existira lista de espera, ofrecerase por rigoroso orde de puntuación independentemente da especialidade solicitada en primeira instancia. Para iso os aspirantes aprobados sen praza serán convocados a unha reunión para dita adxudicación.
- d) As prazas ofertadas para os aspirantes con necesidades educativas especiais adxudicaranse tendo en conta a preferencia do aspirante e a valoración do tribunal sobre a adecuación das capacidades específicas de cada aspirante en relación coas distintas especialidades instrumentáis.
- e) As prazas ofertadas para o alumnado con necesidades educativas especiais adxudicaranse tendo en conta a preferencia do alumnado e a valoración do tribunal sobre a adecuación das capacidades e discapacidades específicas de cada aspirante en relación coas distintas especialidades instrumentais. Esas tres prazas restaranse das ofertadas na quenda libre.
- f) Os aspirantes que obtiveran praza deberán formalizar a matrícula para o vindeiro curso 2022-2023 os días 6, 7 e 8 de xuño , en horario de 9:30 a 13.00 h.